

A documentación non dispositiva na emerxencia do galego instrumental: a *pesquisa* e o *relato procesual*

Ricardo Gutiérrez Pichel
Instituto da Lingua Galega
*Universidade de Santiago de Compostela*¹

RESUMO. Neste artigo editáase un conxunto de documentos galegos medievais caracterizados pola súa intranscendencia xurídica directa, debido á súa finalidade exclusivamente probatoria. O obxectivo da análise destes textos é incidir no aproveitamento lingüístico que suscita a estrutura discursiva da ‘*pesquisa*’ e do ‘*relato procesual*’, tipoloxías pouco condicionadas á formulística validatoria propia da actividade fedataria notarial.

Palabras clave: Lingüística histórica, Prosa galega instrumental, Idade Media.

ABSTRACT. In this article is published a group of galician medieval documents of which characteristic is the lack of direct juridical consequences, due to their exclusively evidential purpose. The objective of this textual analysis is centring on the linguistic use that presents the textual structure of the ‘*inquiry*’ (*pesquisa*) and the ‘*procedural narration*’ (*relato procesual*), both textual types scarcely conditioned by the usual formalities to validate, typical of the testifying notarial activity.

Keywords: Historical linguistics, Notarial galician prose, Middle Ages.

1. INTRODUCCIÓN. PARÁMETROS DE ESTUDO E OBXECTIVOS

Neste traballo presento a edición dun conxunto de nove textos galegos pertencentes á época de emerxencia² da escrita instrumental. A maior parte deles están integramente redacta-

Data de recepción: 13-05-2008 Data de aceptación: 30-06-2008.

- 1 Esta contribución enmárcase dentro da liña de investigación “Edición paleográfica de obras medievais” desenvolvida no grupo de traballo do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), no Instituto da Lingua Galega. Debo agradecer a axuda ofrecida por Ramón Lorenzo, Ramón Mariño e Xavier Varela, así como as orientacións vindas da man de Marta González.
- 2 A habilitación do romance na documentación notarial é xeral a partir de 1255, se ben esta situación non resulta completamente abrupta en relación ao período que a precede. Por unha banda, a confección notarial en romance

dos en romance, mais tamén inclúin dous diplomas cunha confección híbrida latino-romance (docs. 1 e 4). Desde o punto de vista xurídico, caracterízanse pola súa intranscendencia legal directa, isto é: non se erixen como actos xurídicos, pois a súa finalidade é exclusivamente probatoria e testemuñal. Por outra banda, pertencen estes diplomas tanto ao ámbito privado (de interese particular) como ao público, nomeadamente á esfera dos actos xudiciais ou procesuais. Por último, procurei abordar dous tipos textuais en gran medida orixinados *in continenti*, isto é, próximos ás circunstancias orais presentes na *actio*: a ‘pesquisa’ (tanto de motivación privada como pública e, neste último caso, de carácter xudicial) e o ‘relato procesual’.

Figura 1. Parámetros

1. Efecto xurídico	a) inexistencia de transcendencia legal directa b) carácter probatorio / preparatorio
2. Motivación e interese	a) documentación privada, de interese particular b) documentación pública, de interese procesual
3. Tipoloxía	pesquisa e relato procesual
4. Cronoloxía	época de emerxencia da escrita instrumental

O interese lingüístico que suscita este tipo de documentación deriva do seu escaso condicionamento ás formalidades protocolarizantes características do instrumento notarial, o que permite unha tripla análise da:

- a) disposición da *scripta* vernácula na documentación híbrida latino-romance (§ 2)
- b) habilitación da *scripta* romance nos escasos espazos diplomáticos formularios (§ 3)
- c) *scripta* romance presente en espazos dispositivos –tendencialmente– dialóxicos (§ 4).

Podemos, en primeiro lugar, visualizar certas pautas de introdución do romance non condicionadas aos espazos diplomáticos dispositivos (as denominadas ‘partes libres’). Tal e como lembraremos máis adiante, a disposición do elemento vernáculo no discurso latino é dispersa e aleatoria na documentación aquí estudada, distinta, por tanto, á situación de ‘alternancia’ idiomática presente nos documentos dispositivos.

En segundo lugar, a visualización das opcións grafo-fonémicas escollidas nos treitos diplomáticos habitualmente reservados á *scripta* latina reflíctese con claridade no formulario discursivo empregado nas pesquisas.

Por último, a documentación non dispositiva permite visualizar a *scripta* innovadora presente nunha redacción tendencialmente dialóxica, especialmente nos textos de carácter procesual. A ‘pesquisa’ presume a existencia dun acareo testemuñal –fóra da audiencia– entre o pesquisador e a(s) testemuña(s) obxecto de pescuda. Esta *actuación* é textualizada nunha

iniciase xa no primeiro terzo do século, e ata 1255 contabilízanse un mínimo de 15 diplomas monolingües (vid. Lorenzo 2004, Monteagudo 2007, Souto Cabo 2006). Por outra parte, con anterioridade a 1255 o hibridismo latino-romance é frecuente desde as primeiras décadas do século, especialmente na documentación ‘dispositiva’ relativa ao campo tipolóxico da xestión patrimonial e/ou económica e, particularmente, nos contratos enfitéuticos (Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 131 e Gutiérrez Pichel 2007: § 4.3, pp. 62-65).

primeira redacción –subxectiva– en estilo (cuase-)directo e, xa que logo, pode chegar a reflectir trazos escrito-lingüísticos próximos ao rexistro oral da(s) testemuña(s) ou, cando menos, á súa primeira adaptación ao rexistro escrito por parte do amanuense. Isto mesmo acontece nos ‘relatos procesuais’, conformados en gran medida como o trasunto das vistas orais celebradas ante o xuíz. Xunto á redacción –obxectiva– dos distintos estadios procesuais, non é infrecuente atopar espazos diplomáticos intercalados que recollen en estilo directo a declaración das partes litigantes ou das testemuñas. Téñase en conta, por outra parte, que en moitos casos (v. gr. docs. 3, 5 e 8 do apéndice) o inserimento dunha declaración testemuñal, xurdida dentro ou fóra da sede xudicial, pode motivar o cambio de lingua³ (latín para o galego: docs. 3 e 7) ou o cambio de *scripta* (latina a híbrida ou híbrida a romance: docs. 4 e 5).

1.1. Documentación ‘non dispositiva’ vs. ‘dispositiva’. Xénese do acto documental

A documentación ‘non dispositiva’ posúe un escaso valor xurídico e diplomático debido á ausencia dos elementos validatorios destinados a conferirlle autenticidade e efecto xurídico-administrativo ao feito do que se dá conta. Pola contra, a documentación notarial ou ‘dispositiva’ é outorgada ante notario público, isto é: substanciada en forma legal por estes en calidade de depositarios da fe pública. A intervención do fedatario, xa que logo, protocolariza e rexistra o documento que, unha vez configurado, adquire credibilidade oficial e valor público.


Tal e como se dixo anteriormente, na textualización de diplomas ‘non dispositivos’ tende a imperar unha autarquía diplomática canto á formulística xurídico-literaria propia da actividade validatoria notarial. Esta situación xéstase no propio desenvolvemento do acto documental⁴. A realización gráfica dun documento (*conscriptio*) implica a existencia dunha negociación ou feito salientable previo (*actio*) do que se pretende deixar constancia, por razóns estratéxicas (escrito de proba), a través do rexistro escrito. Así pois, a ‘escrituración dunha actuación’ ou, o que é o mesmo, unha ‘actuación escriturada’, implica a existencia dun feito documental (*conscriptio negotii* ou redacción textual) e tamén dun feito xurídico (*conscriptum negotium* ou formulación negocial). Ambas as dúas realidades posúen, respectivamente, unha propia conformación (*compositio* diplomática do texto) e unha particular ordenación (*ordinatio* xurídica da materia). No seguinte cadro (figura 2) esquematízanse as principais fases da actuación e da realización gráfica do documento⁵:

3 Isto mesmo foi notado para o hibridismo (galego-castelán) presente na documentación máis tardía deste tipo: “Un dato a observar en ambos exemplos [declaracións testemuñais e de partes] es que la vista oral parece tener lugar en castellano, mientras que las intercalaciones realizadas por el secretario están en gallego” (Vázquez Bertomeu 1999: 84).

4 Bono Huerta 1990: 11-50; Núñez Lagos 1951: 53-104; Riesco 1987, vol. II: 164-170; id. 1999: 233-244; id. 2003.

5 Noutro traballo foron expostas máis devagar as características de cada unha destas etapas documentais (Gutiérrez Pichel 2007: § 2.1 e 2.2, pp. 50-54).

Figura 2. Xénese do acto documental



Especialmente no ámbito privado, o acto negocial (*actio*) ou «tempus in quo ea facta sunt super quibus datur littera», configúrase como a declaración de vontade –por parte do concedente e concesionario– verbo dunha acción ou efecto xurídico contido no documento e da cal derivan os correspondentes dereitos e obrigas.

a) Motivan o xurdimento da actuación:

- a *petitio* ou solicitude por parte do futuro beneficiario de que se tome no seu favor unha decisión
- a *intercessio* ou intervención dun terceiro que recomenda e presenta as peticións do interesado

b) Participan no proceso conducente á perfección da *actio*:

- a *interventio* ou participación de terceiras persoas que, por diversas causas, outorgan o seu consentimento ou conformidade ao negocio xurídico
- a *testificatio* ou relación dos nomes das testemuñas presentes no acto xurídico (*actio*), no acto escrito (*conscriptio*) ou en ambos, constatando así a existencia de dito(s) acto(s) e manifestando o seu asentimento

O acto negocial pode ser perfecto sen que se teña que recorrer á escritura, ou ben pode dar lugar ao establecemento do acto escrito (*conscriptio*), isto é: o «tempus in quo datur littera».

a) Na preparación da realización gráfica do documento ten lugar:

- a *iussio/rogatio* ou solicitude –escrita ou verbal– por parte dos intervinientes na *actio* de que se consigne por escrito o acordo antes realizado
 - a *imbrevisatio* ou minuta previa ao instrumento notarial (vid. § 1.2)
- b) Na formalización do futuro instrumento notarial (doc. dispositiva)⁶ ten lugar:
- a *ingrossatio/mundum* ou a posta en limpo da minuta adecuándoa ás características diplomáticas necesarias (vid. § 1.2)
 - a *recognitio* ou revisión da redacción do *mundum* co fin de comprobar se responde ás expectativas dos autores xurídicos da *actio*
 - a *registratio* ou copia, íntegra ou por extractada, do texto ou o contido dos actos a medida que son expedidos ou recibidos
 - a *validatio* e *autenticatio* ou a inclusión das diferentes marcas autenticatorias necesarias para que o documento posúa valor executorio (notificación, desenvolvemento completo das renunciadas e sancións pertinentes, confirmación e subscripcións testemuñais e notarial, signo, selo, quirógrafo...).

1.2. Documentación non dispositiva: ‘minuta’ vs. ‘noticia’

Nunha destas fases, a *imbrevisatio*, o amanuense recollía os elementos informativos necesarios para, posteriormente, proceder a encher o formulario habitual, de acordo coas regras diplomáticas vixentes. Este bosquejo inicial, previo ao “instrumentum confectum”, constitúe o que habitualmente se denomina *minuta* que, na documentación particular e con carácter xeral desde o s. XII, os notarios redactaban nunha folla á parte⁷. A minuta constitúe, polo tanto, un tipo documental ‘non dispositivo’ (sen efecto xurídico), ‘preparatorio’ (previo ao documento final) e ‘non definitivo’, toda vez que non inclúe as formalidades validatorias necesarias para conferir ao texto transcendencia de dereito.

Unha vez revisado e corrixido este escrito preparatorio, procedíase “in grossam litteram” á realización do *mundum*, isto é: a posta en limpo da minuta, ou o que é o mesmo, a expedición ou *grossa* do acto escrito. Considérase, xa que logo, que esta transcripción definitiva é unha “paráfrase” do contido da minuta acomodada ás regras diplomáticas do esqueleto formulístico empregado polo notario.

6 A documentación non dispositiva carece desta fase textual, xa que, se ben calquera escrito con carácter exclusivamente probatorio (‘noticia’) pode ser corrixido e pasado a limpo, non leva incorporada a validación e autenticación notarial.

7 Posiblemente a maior parte delas se redactasen en papel: un soporte moito menos custoso có pergameo, pero, desgrazadamente, máis funxible. A consulta no TMILG da frecuencia de aparición destes dous materiais escriptorios na documentación notarial revela un emprego maioritario do papel (62,6% dos casos), especialmente a partir do séc. XV (131 casos, fronte aos 59 de *purgameo* / *pergameo* / *pergamino*). Nos dous séculos precedentes a situación é máis equilibrada: o papel rexístrase en 2 ocorrencias no séc. XIII (fronte aos 3 casos de *coiro*) e 50 no séc. XIV (fronte aos 42 casos de *coiro*).

No entanto, a textualización dun evento ou acto negocial pode conformarse como un acto escrito perfecto ou ‘definitivo’ en si mesmo (malia a súa intranscendencia xurídica), debido á súa exclusiva finalidade reminiscente, isto é, con carácter testemuñal ou ‘probatorio’. A falsa e extendida consideración de que o documento non dispositivo é por regra xeral un texto ‘preparatorio’ previo a un hipotético *mundum* ulterior, foi criticada, a propósito da *Noticia de Torto*, por Pedro (2004: 75) nestes termos⁸:

É neste sentido que, em meu entender, se deve pôr de lado a ideia tradicional de que uma ‘notícia’, tal como foi repetidamente referido a propósito da Notícia de Torto, é um documento preparatório, uma minuta ou rascunho de um hipotético mundum perdido. E, sim, um documento final que não obedece, pelas próprias características do género diplomático, às normas aplicáveis aos documentos dispositivos.

Así pois, os diplomas con carácter probatorio (‘noticias’) confórmanse como rexistros descritivo-narrativos que integran información de diversa índole (vid. infra) coa finalidade de constatar e/ou perpetuar a súa lembranza, ou, por outra parte, de servir de testemuño sobre a dita materia se for necesario posteriormente⁹.

A confección dunha *noticia* constitúe en si mesma, polo tanto, un documento final, mentres que a *minuta* comporta un proceso ulterior de formalización e perfección xurídica.

1.3. Adaptación dunha noticia ao *mundum*

Os docs. 2, 3 e 7 do apéndice ilustran a adaptación dunha noticia ao proceso de *ingrosatio* do instrumento notarial. Neste casos, o escrito probatorio inserido na matriz do *mundum* recolle a información tirada dunha pesquisa, inducida por un interese quer particular (nos docs. 2 e 3) quer público (doc. 7). O protocolo inicial¹⁰ destes tres diplomas desglosa a motivación da pesquisa a través da estrutura diplomática habitual:

- indicación da data crónica
- fórmula de notificación: *Conozuda cossa seya a quantos esta carta uiren como...* (doc. 2, l. 1); *Nouerint uniuersi quod...* (doc. 3, l. 1)
- subscrición ou presentación da(s) persoa(s) que motiva(n) a realización da pesquisa: *eu, Garçia Perez, prelado de (...)* por parte de *Sancha Lopez, e eu, Diago Perez, clerico (...)* por parte de *Diago Garçia* (doc. 2, ls. 2-3); *ego, Michael San-*

8 Recapitulación en Martins 2007: 164; Gutiérrez Pichel 2007: § 3, pp. 57-59.

9 Temos constancia de elencos ou rexistros deste tipo desde a Antigüidade clásica. Tradicionalmente cítanse como exemplos salientables a *Notitia Dignitatum* (ca. 395- 425), cuxa relación dos cargos oficiais e administrativos do Imperio Romano de Oriente e Occidente resultou fundamental para o estudo da súa organización militar; ou a *Notitia Galliarum* (séc. V), que enumera as 17 provincias e 115 cidades que integran as Galias no Imperio Romano antigo.

10 Téñase en conta que nos docs. 3 e 7 o protocolo é redactado en latín (vid. infra).

- cij, archidiaconus de Transtamar (...) ad eternam rei memoriam* (doc. 3, ls. 1-2); *Testes abbas et conuentus Melonis contra Fernandum Arie...* (doc. 8, ls. 1-3)
- fórmula dispositiva: *metemos enqueredores* (doc. 2, ls. 3); *feci inquiri* (doc. 3, l. 2); *ad probandum que...* (doc. 8, l. 3)
 - obxecto da pescuda (frecuentemente acompañado dunha *expositio* ou referencia ás causas que motivaron a orde de pesquisa): *sobre la renda da ecclesia de Sant' Andre de Seguin (...) que soubessem (...) quamano quinon leuaua Sancha Lopez da renda de aquella sobredita ecclesia...* (doc. 2, l. 3, 5-6); *terminos et diuisiones antiquas quibus cautum de Rates et hereditates ad ipsum cautum pertinentes, quod cautum et hereditates ad monasterium Sancti Iusti dignoscuntur pertinere diuiduntur aab hereditatibus heremitagij seu ecclesia Sancti Martini de Rates...* (doc. 3, ls. 2-6); *Martin Mouru (...) tenerent mediam hereditatis (...) et alij supra-dictij intrauerunt illam hereditatem per uim...* (doc. 8, ls. 3-7)
 - presentación dos pesquisidores: *conuen a saber quaes: Goncaluo Goncaluez...* (doc. 2, ls. 4-5); *Qui predictam fideliter inquirentes...* (doc. 3, ls. 6-9)
 - xuramento dos pesquisidores: *que soubessem perlos Sanctos Auangelos* (doc. 2, l. 5); *Qui predictam fideliter inquirentes et sub dato prestiti iuramento* (doc. 3, ls. 8-9)
 - roboración e anuncio da validación fedataria da pesquisa: *predictam inquisiam ut robur firmitatis semper ualeat obtinere per notarium infrascriptum in publicam formam redigi feci* (doc. 3, ls. 12-14)

Seguidamente insírese o contido tirado da pesquisa. A distinción destes dous actos diplomáticos (redacción do doc. notarial e confección da pesquisa) pódese reflectir na inclusión dunha segunda referencia cronolóxica correspondente á actuación da pescuda (vid. doc. 3, l. 14). A ensamblaxe deste escrito pode levarse a cabo de xeito máis ou menos literal ou non; isto é: o escribán pode conservar a estrutura fomularia típica da pesquisa (vid. infra), tal e como acontece nos docs. 2 e 7, ou pode parafrasear o seu contido facendo constar unicamente unha sinopse da materia inquirida, como se observa do doc. 3. Vexamos cada unha destas posibilidades:

a) Docs. 2 e 7. En primeiro lugar, anúnciase a inserción da pesquisa probatoria: *E estes enqueredores sobreditos tiraron a enquissa:...* (doc. 2, ls. 6-7); *et his probabunt que poterint:...* (doc. 7, l. 7). Seguidamente inclúese o rexistro do interrogatorio coa súa estrutura formularia habitual: ‘[testemuña] *juro e dixi que/como* [declaración]’ (doc. 2); ‘[testemuña] *juratus dixit, espreguntado fuy de... e disse que/como* [declaración]’ (doc. 3). A conservación da construción inquisitiva orixinaria preserva unha estreita vinculación entre o rexistro escrito e a actuación oral. Isto permite –tal e como ilustrarei nos seguintes apartados– a visualización de escollas léxicas e grafo-fonémicas:

- asimilables ao rexistro oral (especialmente nos treitos con carácter dialóxico);
- orixinais canto á súa ‘intensión’ semántica ou a súa configuración morfolóxica (especialmente nos treitos de carácter narrativo-argumentativo);

- vacilantes entre a *scripta* latina ou híbrida (frecuente nos espazos formulísticos) e a romance (véxase p. ex. as ls. 19-20 do doc. 7, onde alternan as formas *dixit* e *disse*).

b) Doc. 3. Tras o anuncio do “inquisitionis tenor” (l. 14), insírese o texto da pesquisa (ls. 15-35), novamente intitulada: *Esta est enquisa que enquereron homees boos, conuen a saber...* (l. 15). A sinopse ou recapitulación do seu contido é expresada en dous bloques sumarios, engarzados pola fórmula dispositiva ‘[*todos estes*] *disserun [que]*’ (ls. 24-24):

- presentación das testemuñas pesquisadas (ls. 20-23),
- descrición enunciativa da información tirada do inquérito, neste caso as lindes que separan as herdades da ermida de Rates do terreo reguengo (ls. 24-35).

Esta diferente disposición do contido da pesquisa (literal ou parafraseada) pode estar motivada por dúas razóns. En primeiro lugar, pola fase do acto documental na que se atopa o texto: os docs. 2 e 7 non presentan un desenvolvemento completo das formalidades validatorias características dun *instrumentum* (confirmantes, subscrición notarial, testemuñal...). Talvez haxa que consideralos minutas que conteñen o escrito probatorio ou noticia (neste caso, unha pesquisa) e parte da formulística diplomática situada xeralmente no protocolo, tal e como acabamos de ver. Por contra, o doc. 3, unha vez parafraseada a pesquisa, inclúe no escatocolo as confirmacións e subscricións testemuñais (ls. 43-49) e notarial (49-52), así como a referencia á *rogatio* previa e o *signum*. En segundo lugar, a disposición da *actio* pesquisada tamén pode estar motivada pola finalidade e pola forza executoria do documento expedido: no texto 3, a autenticación en pública forma da pesquisa permite executar o deslinde (ls. 35-43: *por renembranza para yamays meteo y pedras enos logares ia dictos per que se departe ha herdade*).

1.4. Aspectos tipolóxicos e diplomáticos

A nivel diplomático, o carácter probatorio ou preparatorio destes textos reflíctese, en xeral, na ausencia da subscrición notarial¹¹ e testemuñal, habitualmente situada no escatocolo. Isto tamén acontece coa data crónica, especialmente na documentación privada¹² (vid. doc. 1), mais tamén na procesual (docs. 5 e 6). O contido deles, xa que logo, queda limitado á súa parte esencial (a dispositiva) e os espazos máis formalizados non son necesarios, polo que xeralmente quedan limitados a un exíguo protocolo composto por unha breve *intitulatio* onde se fai a identificación inicial do acto diplomático.

Hec est inquisitio uerissima quam exquisierunt domnus Rodericus Fernandi et domnus Sancius Pelaiz et Velascus Iohannis et Johannes Pelaiz super regalengo que est in terra de Laioso (doc. 1, ls. 1-2).

11 Cfr. o doc. 9 do apéndice (notas, ls. 104-5).

12 Así o ilustra a escolma documental editada en Gutiérrez Pichel 2007 (pp. 79-96): dos 14 diplomas transcritos, unicamente un posúe data (§ 7.1. doc. 9).

Esta est enquisa que enquereron homees boos (...) sobrelo departamento da herdade da hermiida de San Martino de Rates, per hu **est** departida da herdade regaenga da villa de Rates. (doc. 3, l. 15, 18-20).

Horta fuit intemptio inter homines de Uigo *et* de Canedelo *super hereditate calumpniante de uocem de Uigo Afonso Uigoyz...* (doc. 4, ls. 4-5).

Ista *intencia* fui *inter* Vraca *Dominici* ex I^a parte *e* P. Ferosu ex altera (doc. 5, ls. 1-2).

Orta fui *intencjo inter fratre* Petro, magister de Almerezo, *pro* [uoce Superaddo *et* Martinus de Boen *pro*] *se et pro* suos *heredes*, *super ipsa hereditate* de Sauto (doc. 6, ls. 1-2).

Testes abbas et conuentus \Melonis/ contra Fernandum Arie (...) *ad probandum que Martin* Mouru [(...) *tenerent mediam hereditatis* de Froaza *pro parte* monasterij (doc. 7, ls. 1, 3 e 5).

Este é o pleyto *que* anda entre lo abade de Ferreyra en una *parte e* Johan {Pelaez} *e* Pedro Moniz por si *e* por los outros seus parentes (...) na demanda da herdade sobre *que* contenden *que* conpro o abade en Nespereyra (doc. 8, ls. 1-3).

Jste *est* u tiduu *qui diui* Pidru Fernandit de Carele *en* friigisia di San Lourenso de Carelle (doc. 9, ls. 1-3).

Ademais deste protocolo, os textos non dispositivos aquí estudados (pesquisa e relato procesual) caracterízanse pola súa estrutura formularia xebrada, ben polas diferentes declaracións testemuñais, de partes litigantes, etc.; ben polos diferentes estadios procesuais que recapitulan (especialmente as actas das vistas xudiciais). Nos apartados seguintes (particularmente § 3) estúdase o comportamento escrito-lingüístico das *scriptae* latina e romance nestes espazos diplomáticos.

A heteroxeneidade tipolóxica da ‘noticia’ pódese reorganizar tendo en conta a súa motivación pública ou particular:

a) Reconto e/ou descrición (circunstanciada ou non) de diversos ítems cuantificables relativos á xestión económica e/ou patrimonial. A súa motivación é particular, por canto a confección destes inventarios emana dun interese privado¹³.

b) Relato de diferentes eventos ou feitos incardinados nun proceso xudicial e, polo tanto, de interese público. Dentro desta categoría podemos falar de dúas subclases tipolóxicas:

- Escritos orixinados por pesquisas probatorias, de motivación privada (particular) ou pública, nomeadamente procesual. As declaracións testemuñais realízanse fóra da sede xudicial e constitúen un requisito indispensable para achegar as probas requiridas polo xuíz nun litixio ou contenda. É, xa que logo, o primeiro

13 En Gutiérrez Pichel 2007 estudamos un conxunto documental composto por diplomas non dispositivos con carácter exclusivamente económico-patrimonial e cun interese privado, maioritariamente eclesiástico. A tipoloxía dos textos estudados no citado traballo é a seguinte: dúas mandas testamentarias (§ 7.1. docs. 1 e 2), cinco inventarios de propiedades monásticas (docs. 5, 6, 7, 8 e 12) e de particulares (doc. 14), dúas noticias de deslinde (docs. 9, 10) e dúas noticias de rendas (doc. 4) e de gastos (doc. 13).

acto diplomático destinado á redacción dun texto con finalidade probatoria (a miúdo denominado *probanza*). Os doc. 1, 2, 3 (interese particular) e 7, 9 (interese público) incluídos no apéndice pertencen a esta subtipoloxía.

- Escritos orixinados con ocasión dunha vista oral no interior da audiencia. Na maior parte das ocasións estas actas xudiciais incardínanse nun relato procesual máis amplo que, por outra parte, pode non conter ningún tipo de vista oral senón limitarse a relatar en estilo indirecto un determinado estadio procesual (doc. 8). Nos documentos incluídos no apéndice atopamos estas catro clases de vistas xudiciais:
 - 1) Declaración de parte litigante (doc. 5)
 - 2) Declaración do maxistrado (docs. 4 e 5)
 - 3) Declaración de testemuñas (docs. 5, 6)
 - 4) Declaración de peritos, como árbitros ou *auidores* (doc. 5)

2. A DISPOSICIÓN DA *SCRIPTA* VERNÁCULA NA DOCUMENTACIÓN HÍBRIDA LATINO-ROMANCE

Dependendo do grao de condicionamento no que un texto se produce canto á maior ou menor rixidez do seu discurso diplomático, podemos falar de ‘alternancia’ e ‘mestura’ de códigos lingüísticos na documentación dispositiva e non dispositiva respectivamente¹⁴. No primeiro caso, tal e como foi ilustrado en diversas ocasións¹⁵, os trazos grafo-fonémicos vernáculos afloran nos espazos diplomáticos menos estereotipados (a *dispositio*) e onde o acto documental amosa a súa personalidade propia, debido á especificación do acto xurídico. Na documentación privada, isto acontece especialmente nas indicacións relativas á localización e descrición espacial das propiedades obxecto de transacción, e na referencia á contribución ou canon estipulado nun determinado *negotium* (os treitos resaltados no seguinte exemplo¹⁶):

*Notum sit omnibus presentibus et futuris quod ego, Rodericus Fernandi, una cum uxore mea domna Maria Roderici et per co(n)silium et mandatum domne Marine, abbatisse de Sobrado, et conuentus eiusdem monasterij, damus et conced[im]us uobis, Petro Petri et uxori uestre Marie Iohannis et filijs et nepotibus uestris, quamta hereditate habemus **alende o Rio de Cereysa, dela careira que uay pora Castro atroen_ no noso agro do casar de Nugueiras; foras inde ha cortina de Corraes que ten Maria Canelas cabo o orto de Santo Laurenzo e otros dos cortineiros***

14 Monteagudo (2007: 287-8), en referencia a Souto Cabo (2003ab, 2004), lembra a vinculación desta dicotomía ‘alternancia’/‘mestura’ de códigos cos fenómenos resultantes do contacto de linguas denominados pola sociolingüística como *code switching* e *code mixing*, respectivamente; se ben os estudos sobre este fenómeno versan case exclusivamente sobre a interacción oral (íd. nota 3).

15 Recapitulación en Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 147-153.

16 1260, Xaneiro, 23. AHN, Clero, A Coruña, Mosteiro de S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 10.

que ten Sancha Petri in Santo Laurenzo e quanta inde non ten o noso casar de Nugeiras cun sua fructa; e mas uos damos o orto de Santo Laurenzo e la meadade da costa e do castro de Santo Laurenzo, e desta parte medietatem de dos nugeiras e de una castaneira e as meas das cerdeyras, sacadas inde as [---]na e as d' ante a casa que eu fazo ao rio. Tali pacto *quod uos laboretis et paretis illam bene secudum possem uestram et [ten]eatis illam in uita uestra et faciatis ibj domos et currales et moretis ibj, et sitis inde nostri uassalli obedientes et seruientes cum uestris direct[u]ris, et nos amparare uobis cum directum et detis inde de illa nobis uel uocj nostre uenerit quartam partem per nostrum hominem de totum panem quod dominus ibi dederit et de uino et de leguminas et de al nichil detis excepto inde nabal, que faciatis quam mano u[o]lueritis, el nabal alzado, semeade totum terenum de serodas, et pro ipso nabal e por orto e por fructa detis annuatjm VJ soldos de renda in die Sancti Iohannis Babtiste e J soldo de heyradigo, et detis annuatjm in die Sancti Micahelis [---] et de Sanctj Martinj IIIJ^{or} dineiradas de pan et J gallinam bonam, e do chando que ibj feceritis detis nobis uel uocj nostre IIIJ^a partem. Ad obitum uestrum et filiorum et neporum uestrorum permaneat nobis uel uoci nostre nostram hereditatem quita et in pace...*

Nos textos non dispositivos, debido a que están constituídos esencialmente por secuencias narrativas ou elencos (vid. supra), o romance xorde de maneira dispersa no texto mesturándose de xeito heteroxéneo co elemento latino. A disposición do elemento romance nestes textos é habitualmente máis xeral e difusa ca na documentación dispositiva, onde, como acabamos de ver, o romanceamento se concentra en masas compactas no seo, precisamente tamén, da parte máis variable e permeable –ao rexistro oral– do documento.

A parte variábel do texto dos diplomas, correspondendo aos «espazos por preencher» dos formulários incluí, esencialmente, além da identificación do autor e do destinatario do acto, a parte dispositiva do documento. É por isso aí, onde o texto escrito, por vezes, não reproduz palavras ou frases feitas, que desde mais cedo emergem novas tendências de representação gráfica que escapam às coordenadas scriptográficas latino-notariais. (Martins 1999: 495).

Esta mestura escripto-lingüística, no entanto, malia non estar motivada pola unha estrutura diplomática rixida (coma no caso da documentación dispositiva), pódese vincular a unha serie de factores de diferente índole. A análise feita en Gutiérrez Pichel 2007 (§ 5, pp. 65-75) a partir dun grupo de textos híbridos pertencentes ao ámbito particular, revelou a operatividade dalgunhas pautas internas de introdución do elemento vernáculo:

a) No ámbito discursivo, a estrutura enumerativa e descritiva da ‘noticia’ supón unha orde repetitiva de construcións oracionais e un período sintáctico simple. A indicación dos ítems ou dos eventos cuantificados e/ou relatados, xa que logo, é asimilable ás cláusulas presentes nos formularios notariais. Como consecuencia, a operatividade das variantes latinas –ou híbridas– adoita ser maior nestes espazos diplomáticos (ex. ‘(En) [topónimo] *habet/est/tenet* [unidade de

gando/porción de herdade, etc.]’). Pola contra, os espazos argumentativo-relacionais dan cabida a escollas grafo-fonémicas innovadoras, debido á súa orixinalidade discursiva, en tanto que non posúen, en xeral, un correlato escriptográfico latino-notarial (exs. “*et prestamo que **suia tenere** Gundisaluo Ichoca de iugaria*”; “*et toto ligno de Uillaḡnoua **preciamulu C soldos***”).

b) Desde o punto de vista semántico, o ámbito de significación dun vocábulo pode condicionar a súa representación gráfica, xa que a elección da variante latina nun texto híbrido vincúlase frecuentemente á súa maior ‘extensión’ semántica. Noutras palabras, as formas cun elevado grao de ‘intensión’ semántica son susceptibles de seren representadas en romance (e, a miúdo, con aparencia latinizante), toda vez que non pertencen ao acervo lingüístico tradicional e mecánico do labor notarial (exs. nun inventario facendístico: ‘boue’, ‘oues’, ‘equa’ fronte a ‘armintio’, ‘beciro’, ‘tenreiro’, etc.).

c) No ámbito estritamente escriptográfico, o prolongado emprego do sistema braquigráfico herdado da *scripta* latina pode representar un obstáculo para a emerxencia (in)voluntaria de trazos grafo-fonémicos innovadores. A cíclica escolla da variante acurtada dun determinado vocábulo, a través dun símbolo gráfico tendencialmente latinizante, impide a difusión da súa forma plena (latina ou romance)¹⁷.

Os espazos romanceados visibles neste tipo de textos adoitan conformarse con máis frecuencia por estruturas (pro)nominais, en coexistencia en maior ou menor medida cos seus equivalentes latinos. Na documentación privada, especialmente a motivada pola xestión patrimonial e/ou económica, é frecuente rexistrar estes sintagmas (pro)nominais introducidos por un nexo preposicional ou adverbial nunha construción vinculada á localización –circunstanciada ou non– dun deslinde. No primeiro documento do apéndice, unha pesquisa particular da primeira metade do séc. XIII, a frecuencia e alternancia dos códigos lingüísticos no ámbito (pro)nominal é a seguinte:

a) formas romances: *casa/r/l/es* (ls. 3, 9, 10, 12, 15, 16, 17, 20, 22, 23, 36, 27-8), *cortina* (l. 25), *herdade* (ls. 18, 27; cfr. *hereditate*), *lameiro* (l. 25), *leira* (l. 5), *linar* (l. 7), (*homines*) *mandado/s* (ls. 5, 6, 10, 12, 15, 27, 28), *marco* (l. 25), *mato* (ls., 12, 13), *orto* (l. 7), *rio* (ls. 9, 21, 25, 29), *sout/o/elo* (ls. 2, 5, 18, 21); no ámbito pronominal: *a/o/el/(l)os/(l)as/le* (ls. 4, 5, 7, 11, 18, 22, 23, 25, 26, 27; cfr. *alias*, *eum/eam/eas/ei*, *illo/illum*, *ipsius*, *uno/a*).

b) formas latinas: (*homines*) *bonos* (l. 7), *boues* (l. 4), *duos* (l. 10), *hereditate* (ls. 4 [2], 11, 13, 15; cfr. *herdade*), *homines* (ls. 5, 6, 7, 10, 12, 14, 27, 28), *medietatem* (ls. 11 [2], 29), *molin(o)* (l. 24), *tempore* (l. 2), *tota* (ls. 4, 13, 14, 15, 17, 24, 25, 26, 28, 30), *uinea* (l. 22).

Por outra parte, o romance agroma notablemente nas construcións delimitadoras de espazos, como vemos nos exemplos de abaixo; no entanto, o emprego dos nexos *como*, *des*, *a* (frecuentemente en coalescencia co artigo) contrasta coa presenza de operadores espaciais latinos: *inde*, *quomodo* [*uadit per...*], *sub*, *super*, etc.

17 Vid. o apartado § 6.1.5.e deste traballo.

Castro Mesado como uadit per Lonbo et inde ad rio et como parti cum Sancto Pelagio est regalengo (ls. 9-10).

Monio Petri iuratus dixit que delas Trauessas et delas Bouzas et dela terra del souto et quanta heredade est des porto de Langulo, como uadit per aqua de Uerruguela usque ad Carriles (ls. 18-19).

como incipit in Eira Uela et per Castanera da Uite et per Castaneira Temperana, de, inde a Pelago de Malo, toto est regalengo” (l. 17).

como comeza in molino et inde per rio et inde al marco do Lameiro, toto est regalengo (ls. 24-25).

No ámbito verbal a situación é a seguinte:

a) formas romances: *benfeitado* (l. 16; cfr. *benefectauit*), *comeza* (l. 24; cfr. *incipit*), *deron* (l. 27; cfr. *dederunt*), *enqueriron(a)* (l. 7; cfr. *exquisierunt*), *leuo(los)* (l. 11), *otorga* (l. 29), *ouueron (a fazer)* (l. 3), *parti* (l. 10), *quitou(la)* (l. 22), *raciongar* (l. 8; cfr. *raciongauit*), *tomo/u(la/les)* (ls. 22, 27).

b) formas latinas: *addidit* (l. 24), *audiuit* (l. 8), *benefectauit* (ls. 11, 12), *comparauit* (ls. 5, 12), *dederunt* (ls. 7, 11, 13), *dicere/dicitur* (ls. 4, 8; cfr. *dizer*), *dixit* (passim [13]), *erat* (l. 19), *esset* (l. 8), *est* (passim [20]), *exquisierunt* (l. 1), *fuit/erunt* (ls. 4 [2], 6, 10, 14, 27), *fugijt* (l. 15), *habet* (passim [11]), *incipit* (l. 17), *pectauit* (l. 15), *prendidit* (l. 14), *raciongauit* (l. 19), *relinquit* (l. 15), *tenet* (ls. 5, 20), *uadit* (ls. 6, 9, 19), *uendiderunt* (l. 11), *uidit* (l. 8).

Observamos neste plano lingüístico que pouco máis do 30% das formas verbais presentan flexión romance, e que estas xorden de maneira dispersa ao longo da textualidade latina. No entanto, como veño de dicir, semella que esta “dispersión” é motivada en determinados casos.

Malia ser a pesquisa un tipo documental pouco formalizado a nivel diplomático, pódense detectar treitos cun certo carácter formulístico en contraste con outros máis susceptibles de seren romanceados. Pensemos nos formularios que posuía o pesquisador, canto máis de efectuarse o interrogatorio *in situ* e ante tantos declarantes¹⁸. Obsérvanse no texto trazos diplomáticos que reflecten esta circunstancia. Un dos máis evidentes, precisamente no ámbito verbal, é o emprego recorrente de certas formas latinas inseridas en construcións visiblemente ritualizadas (vid. supra o amplo número de ocorrencias destes verbos): ‘[tal propiedade] *est* [reguenga]’, ‘[tal declarante] *dixit* [*que...*; *idem quod...*]’, ‘[(n)un lugar] *habet/tenet* [un casal...]', etc. Pola contra, en xeral, o emprego da flexión romance visualízase cando a casuística desborda os límites formularios: véxase como exemplo a secuencia perifrástica *ouueron a fazer* (l. 3). Se nos fixamos nas formas que presentan equivalentes nos dous códigos lingüísticos, podemos advertir algunha pauta relacionada coa inserción do elemento romance:

18 É habitual a referencia aos *vedraios*, por extenso os ‘homes vellos’ do lugar posuidores da experiencia e coñecemento máis amplos acerca dos bens patrimoniais pesquisados. As atestacións máis antigas que nos ofrece o TMILG pertencen á segunda metade do séc. XIII (en 1252 en S. Xoán de Caaveiro e 1285 en Sto. Estevo de Ribas de Sil).

a) No primeiro enunciado do texto emprégase a flexión latina da forma EXQUIRO, -ERE na cláusula inicial na que, tras o anuncio do acto diplomático (*inquisitio uerissima*), son presentados os *enqueredores*:

“Hec est inquisitio uerissima quam **exquisierunt** domnus Rodericus Fernandi”.

No entanto a mesma indicación, mais esta vez aplicada a un dos territorios obxecto de pesquisa, aparece na l. 7 coa variante INQUIRO, -ERE con flexión romance e adxunción do clítico. Téñase en conta, por outra banda, a focalización do substantivo en sintagma locativo correspondente á herdade obxecto de pescuda (*Trauessas*) e, como consecuencia, o forzado carácter anafórico do clítico:

“Jn Trauessas **enquerirona** homines bonos et *dederunt eam don Matia*”.

b) Como xa lembramos anteriormente, os treitos onde se especifica a distancia ou os límites das propiedades son altamente permeables ao elemento vernáculo: no texto atopamos xunto ás solucións latinas *incipit* e *uadit* (“como *incipit in* Eira Uela”, “como *uadit per* aqua de Uerrugela”) os equivalentes romances (“como **comeza in** molino *et inde per* rio”, “como **parti cum Sancto** Pelagio”).

c) Se comparamos os enunciados nos que aparece a forma *deron* (l. 27) fronte ás tres ocorrencias latinas de *dederunt* (ls. 7, 11 e 13), observamos que o referente (CDir.) destas é a propiedade obxecto de pescuda e que a secuencia na que se sitúa talvez se asimile ao formulario latino-notarial dispoñible para o pesquisador:

Jn Trauessas *enquerirona homines bonos et dederunt eam don Matia* (l. 7).

Jn Raigada duos casales *que sunt in* Cima de Uilla *fuerunt de homines mandados et don Pelagio leuolos ante rege et benefectauit eos et dederunt ei medietatem ipsius hereditate et alia medietate uendiderunt ei* (l. 11).

uno mato *que est sub casa de Rodericus Abela comparauit eum don Fernan Sanchez de homines mandados et benefectauit ei illum dominus rex et dederunt illo mato Rodericus Abela* (l. 13).

No entanto, a variante romance (l. 27) fai referencia ao canon ou especie de pagamento nunha secuencia discursiva cun marcado carácter narrativo-argumentativo e, polo tanto, máis distante dos compartimentos formulars dunha enquisa:

Oseiros fuit de *homines mandados et tomoles don Pelagio ela heredade pro una <tructa/tributa> que le non deron*.

d) A fórmula de introdución das diferentes declaracións testemuñais ten a seguinte estrutura: ‘participio do vb. IURARE (referencia ao xuramento) + P3 do perfecto do vb. DICERE’,

seguidamente aparece un substantivo propio, introducido ou non por preposición, en referencia ao territorio obxecto de pesquisa (ex. l. 23 “Pelai Petri *iuratus dixit: in Coua habet una terra regalenga*”). A mesma estrutura aparece cando unha declaración é compartida por varias testemuñas; nestes casos engádese o pronome *idem* e a conxunción completiva *quod* seguida do antropónimo (ex. l. 24 “Saluator Petri *iuratus dixit de tota Ma\za/neda idem quod Ordonius Iohannis*”). No entanto, na l. 29 aparece o verbo romance *otorga* contiguo da fórmula habitual (*dixit...idem quod*), mais neste contexto a corroboración testemuñal involucra a máis declarantes (*idem quod alij*) e semella que o propio pesquisado, Sancho Ramírez, así o manifesta na propia actuación do interrogatorio.

Sancio Ramirez *iuratus dixit otorga idem quod alij*: de Raigada *et* de Rio Malo *quod est medietate regalenga et* campo de Melendo Moniz *est toto regalengo*

e) Véxase, por último, o emprego do perfecto *benefectauit* (ls. 11 e 12) –refeito segundo o modelo fraco (vs. *BENEFECI*)– nunha secuencia onde se explicitan os dous termos argumentais (o Sux. –o rei– e o CDir. –a terra–) definitorios (e, polo tanto, tendencialmente formularios) do acto diplomático que se tenta documentar: un inventario de propiedades reguengas.

In Raigada duos casales *que sunt in* Cima de Uilla *fuert de homines mandados et don Pelagio leuolos ante rege et benefectauit eos et dederunt ei medietatem ipsius hereditate et alia medietate uendiderunt ei. Ordonius Iohannis iuratus dixit: uno mato que est sub casa de Rodericus Abela comparauit eum don Fernan Sanchez de homines mandados et benefectauit ei illum dominus rex et dederunt illo mato Rodericus Abela.*

Pola contra, na l. 16, atopamos a solución romance nunha secuencia planificada en voz pasiva (romanceada: cfr. lat. *benefactam fuit*) e situada nun enunciado no que interesa anotar unha circunstancia complementaria, fóra da pura ratificación real, neste caso de índole locativa:

Casar de Uela *est benfeitado in uilla et non in monte.*

O texto nº 4 do apéndice é unha sentenza redactada a finais do séc. XI¹⁹, en relación a un litixio patrimonial entre os poboadores de Vigo e Canadelo. O documento presenta dúas áreas diplomáticas, pertencentes a dous estadios procesuais diferenciados, con hibridismo latino-romance:

a) Nas ls. 5-15 referénciase a vista na que o xuíz, en presenza das partes litigantes, dita sentenza. O que semella haber neste treito é unha adaptación parafraseada (cfr. ls. 14-15; vid. infra § 4) desa vista oral. Talvez como consecuencia disto rexístranse no texto un conxunto

19 Talvez sexa unha copia posterior, do séc. XII (vid. nota 36).

de formas verbais romances. Por unha banda, na l. 10 a forma dispositiva *iudicou* (próximo están os substantivos *iuradores* e *fiadores*); por outra, os verbos relacionados co deslinde motivado pola sentenza: ls. 12-15 “hereditate **que clamam que ponam** suos pedes per ipsa hereditate **et stremem** illa de Canadelo de ipsa, *et per* <ubi> posuerintis uestros pedes **iurade** [...] *et annuntient illos*”.

b) Nas ls. 19-14 descríbese as lindes obxecto de sentenza. Ademais dos substantivos *carbalio* (l. 19), *cerro* (l. 22), *cumbrada* (l. 19), *estrema* (ls. 21-24), *Poco* ‘poço’ (l. 22); atopamos as formas dispositivas do deslinde *iurarum* (l. 23) e *poserum* (l. 19), así como o verbo *uai* (ls. 20, 21 e 22), frecuentemente empregado para a localización e delimitación espacial (vid. § 2).

3. HABILITACIÓN DA *SCRIPTA* ROMANCE NOS ESPAZOS DIPLOMÁTICOS FORMULARES

De novo, utilizarei o tipo textual da pesquisa probatoria, neste caso con motivación xudicial ou procesual, para ilustrar un segundo ámbito de análise. A introdución do romance tende a producirse con maior espontaneidade nos treitos dispositivos, isto é, pouco vinculados ás coordenadas escriptográficas latino-notariais. No entanto, a habilitación da nova *scripta* no ámbito instrumental é rastrexable igualmente na estrutura dos formularios notariais, coma no caso da pesquisa²⁰. É significativo que xa en época temperá se rexistre multitude de romanceamentos presentes en espazos diplomáticos tradicionalmente reservados ao latín. Tal circunstancia é sintomática da boa saúde do proceso normalizador da *scripta* vernácula en época de emerxencia.

O doc. 9 do apéndice recolle unha pesquisa probatoria do último terzo do século (a. 1271) aducida nun litixio patrimonial. Ademais do propio interrogatorio (ls. 12-97), o texto

20 Sirva de exemplo este fragmento da Terceira Partida (Título XVI, Lei XXVIII) no que se recollen os bloques formularios básicos deste tipo documental, neste caso no seu romances: “Perguntadas sendo as *testemunhas* per que razom ou como sabem o que dizem em seu *testemunho*; se disserem que o sabem, ca per d’ ante’ el foy feito aquel preito ou aquela cousa e que o uyo fazer, he ualyoso seu *testemunho*. Mays se disser que o ouyo dizer a outrem, nom compre o que desta maneira testemunhar, tam ssolament’ em preitos ou em posturas que os homões poserem antre ssey, em aquel *testemunho* d’ouyda, quando o *testemunho* em esta maneira que digam as *testemunhas*: «assi uy eu ou ouyo a Fo□ fazer tal preito ou tal postura». Mays se dissessem as *testemunhas* tam solament’ que o ouyrom dizer a outro que tal homem posera preito antre ssi en tal maneira, ou que hñu matara outro, tal *testemunho* nom deuem ualer. Outrossi dizemos que deuem seer perguntadas do tempo em que foy feito aquilo por que preguntam, assi come do ano e do mes e do dya. Outrossi do logar e outro em outra parte nom ualerya seu *testemunho* (...) E ainda deuem seer perguntadas as *testemunhas* que eram os que estauam deante quando acaçeü esto que testemunhauam. E mays perguntas nom am por que fazer aas *testemunhas* saluo se fosse homem uil ou sospeyto que entendesse o juiz que andaua desuayrado en seus ditos, ca entom deue-lhi fazer outras perguntas pera tornalo en parauoas, dizendo assi: «quando este feito sobre que as *testemunhas* acaçeü, que tempo fazya?, estaua neuoa ou sol?, ou quanto ha que conhoçisti estes homens por que es testemunha?, e de que panos eram uestidos, quando esto acaçeü que dizes?»” (Floyd Caskey 1979: vol. IV, 1373-5).

inclúe o relato procesual das vistas xudiciais nas que se reclaman os prazos pertinentes para a presentación de probas, así como se dá traslado das mesmas ás partes litigantes (ls. 93-108). Un protocolo inicial (ls. 1-9) dá conta da seguinte información:

- indicación da data crónica (l. 1)
- *intitulatio* ou indicación do acto documental: *Jste est u tiduu qui diui Pidru Fernandit de Carele en friigisia di San Lourenso de Carelle* (ls. 1-3)
- *expositio* e obxecto da pescuda: *Ouui a prouar illi (...) contra Suer Fernandit (...) qui istis (...) tiinan in iur e in mau (...) ad VIIIª da villa de Giay* (ls. 3-8). Seguidamente o relato procesual dá conta dunha primeira vista ante o xuíz na que se toma declaración á parte contraria (ls. 9-11)

A continuación o diploma inclúe a descrición das doce declaracións testemuñais levadas a cabo na pesquisa, organizada cronoloxicamente segundo os tres prazos (“produccion”) de proba outorgados polo xuíz. É aquí onde se desglosa o exíguo esqueleto formulístico propio da pescuda inquisitiva:

- fórmula dispositiva: constituída polas formas verbais que presentan a declaración testemuñal: pregunta do pesquisador (*ispriogantado / interrogatus*), xuramento (*iouou / iuratus*) e resposta do declarante (*dixi/t / dici / respondi*; cfr. **dissi*). Pódese falar neste texto de tres variantes, tendo en conta a *scripta* ou código lingüístico empregado:
 - a) Variante latina: ‘participio do vb. IURARE + P3 do perfecto do vb. DICERE’ (*iuratus dixit*); esta fórmula é a minoritaria e unicamente se rexistra na l. 81, se ben a forma *dixit* aparece noutros treitos en coexistencia sintagmática co participio romance (vid. infra). Nalgunha ocasión (l. 63), no interior da declaración e referido a información cronolóxica, o primeiro participio é substituído polo vb. INTERROGARE (*interrogatus de tempore dixit*).
 - b) Variantes romance e híbrida: ‘P3 do perfecto do vb. *iurar* + conx. copulativa + participio do vb. *ispriogantar*’. É a construción maioritaria e vai acompañada, ben pola P3 latina ou híbrida do perfecto de DICERE (*iouou e ispriogantado dixit/dici*), ou ben pola P3 do perfecto do vb. *responder* (*iouou e ispriogantado...respondiu*). Nótase que non se rexistra o equivalente romance de *dixit* (**dissi*, etc.), o que dá idea da súa rendibilidade formulística²¹. A uti-

21 Cfr. o doc. 7, outra pesquisa probatoria redactada en 1255. A forma *dixit*, acompañada do participio do vb. IURARE, é confinada á fórmula dispositiva que inicia cada unha das declaracións testemuñais (*Pedro Moogo, rector da egresa de Lougares, juratus dixit que...*). Pola contra, no interior da declaración, tanto en contexto formulístico (indicación temporal: l. 26 *espreguntado fuy do tempo quanto auia que fura, e el disse que non sabia*), como en contexto ‘libre’ de carácter argumentativo-narrativo (l. 20 *dixit como Aras Moogo, demais disse que estaua de presente en uoz do abade*; l. 14 *dixit asy como Pedro Moogo, foras que disse que la filaron cum ome do meirino*). A mesma circunstancia repítese no relato procesual correspondente ao doc. 5 do apéndice: na fórmula dispositiva da declaración testemuñal (l. 26) e pericial (l. 41), redactadas en estilo indirecto, aparece a forma híbrida *dixi*, mentres que no interior escóllese a forma romance, *disu*, precisamente

lización da forma romance *respondiu* unicamente é operativa no interior da declaración testemuñal (en alternancia con *dici*), e sempre vai precedida do CPrep. modificador do verbo inquisitivo (*ispriegontado*). Pola contra, a fórmula dispositiva que inicia cada declaración componse basicamente da indicación da resposta xuramentada, e o CPrep. sitúase sempre despois da forma verbal dispositiva (*dici* ou, en menor medida, *dixit*). Ex. (ls. 34-37):

Pay Pirit de San Lourenso iurou e isprigontado, dici qui nunca uiu tiir ad Pidru Fernandit nin ad sou filio ad VIIIª da villa de Giay. Jsprigontado si tiui dila, rispndiu qui tiui mays non fuy VIIIª nec VIIª. Jsprigontado di/ quanta tiui, dici qui non scit.

- Indicación do descoñecemento da materia pesquisada: no texto alternan aleatoriamente a solución –maioritaria– romance ([*dici qui*] *non sabe*), a latina (ls. 19, 20, 37 [*dici qui*] *non scit*) e a híbrida, caracterizada pola flexión latina sobre lexía romance (l. 29 [*dici qui*] *non sabit*).
- Fórmula cronolóxica²²: a cláusula inquisitiva adoita facerse en romance, ben cun sintagma preposicional, ben cunha subordinada completiva (*Jsprigontado do tempo, do mes, da hora; Isprigontado quanto tempo á*). No entanto, na l. 44 persiste a formulación latino-notarial (*Jnterrogatus de tempore...*). Canto ao enunciado declarativo, no caso de que este sexa positivo, o sintagma intégrase pola conx. completiva, a P3 do presente do vb. *auer*, un numeral e o substantivo temporal pertinente ([*respondiu*] *qui á X anos*). Neste sentido, é interesante observar os sintagmas temporais aproximativos, xa que nos achegan ao rexistro oral da actuación inquisitiva: á estrutura antes citada engádeselle o adverbio estimativo *ben* e o reforzo locutivo integrado pola conx. disxuntiva *ou* e o cuantificador *mays* (l. 71 *dici qui á ben X anos ou mays*)²³. Por outra parte, se a resposta do declarante é negativa e, polo tanto, reflicte o seu descoñecemento, o sintagma declarativo adoita conformarse segundo o modelo clásico (*dixit que non scit nec de mensse nec de hora*). Mesmo se o enunciado é romance, os elementos integrantes atópanse engarzados polo nexa copulativo latino (*respondiu que non sabe nec de hora nec de mes*).

nun sintagma temporal aproximativo (vid. nota 24): *e isti disu qui auia II anos pur isti setembro*. No mesmo diploma, a forma latina esperable no inicio da declaración de partes (ls. 10-25) é substituída pola romance, xa que, neste caso, a inserción desta vista oral faise en estilo directo.

22 Vid. nota anterior: “Outrossi dizemos que deuem seer perguntadas do tempo em que foy feito aquilo por que preguntam, assi come do ano e do mes e do dya”.

23 O mesmo acontece no doc. 7: *E enpreguntado fuy do tempo quanto auia esto que fura, e disse que fura esto por dezembro, auera uno ano* (l. 13). Similar enunciado temporal obsérvase no doc. 8, un relato procesual (de avinza) carente de calquera tipo de estrutura organizativa formular, fóra do protocolo inicial (cfr. doc. 6). Neste texto atopamos na l. 14 a seguinte secuencia: *E cada una das partes ualla dante estes omes boos sas demandas e sas defensoes, e poen e outorgan de chegaren senlos destes omes boos domingo primeyro de pos dja de San Matheu este que uen en Nespereyra*.

4. A *SCRIPTA* ROMANCE PRESENTE EN ESPAZOS DISPOSITIVOS -TENDENCIALMENTE- DIALÓXICOS

Tal e como veño insistindo ao longo deste artigo, a pesquisa e o relato procesual revélanse como tipoloxías atractivas para a detección de trazos lingüísticos estreitamente relacionados coa *actio*. Os exemplos que deseguido vou citar ilustran a existencia de contextos discursivos excepcionais para a introdución de escollas grafo-fonémicas e léxicas non condicionadas á estrutura diplomática fedataria.

O texto 5 constitúe unha xoia documental certamente temperá (posiblemente situable no 1º terzo do século) que en tres fragmentos cosidos de pergameo recolle os tres estadios procesuais acontecidos no litixio contractual entre os particulares Pedro Fermoso e Orraca Domínguez.

A triple vista oral realizada na audiencia vai introducida por un protocolo inicial, redactado nunha *scripta* híbrida latino-romance, no que se inclúe unha breve *intitulatio* coa indicación do acto diplomático (ls. 1-2 “Ista *intencia* fui *inter* Vraca *Dominici* ex Iª parte e P. Ferosu ex altera”), a presentación do *persoeiro* ou representante-procurador da parte demandante (ls. 3-4 “Urraca *Dominici* deu sua uoce a *dun* Pol de isto plectu *qui* u *trocse*se”), dos fiadores e do xuíz (ls. 5-10). Nótase que estas dúas últimas actividades son introducidas por dúas formas verbais latinas (*uenerunt* e *posuerunt*), mentres que a selección do *persoeiro* ou representante vai indicada por dous verbos romances (*deu* [sua uoce] e *trocse*se).

Ademais das declaracións testemuñais (ls. 26-40) e periciais dos árbitros ou *auindores* (ls.41-48), e trala confirmación xuramentada de todos estes (ls. 49-56), a primeira das vistas xudiciais (ls. 10-25) é a que reviste maior interese lingüístico. Nela ten lugar o primeiro acareo das partes litigantes co xuíz, co fin de determinar a motivación e pronta disolución da contenda. Froito desta primeira vista xudicial, veu a necesidade das declaracións testemuñais e da arbitrase posterior:

Vnde disu parte de *dun* Pol: «*Quiriamus* saber pur *que* nos *inxiquades* nosa herdade»; disu parte de P. Feroso: «Ca abemus uerbo de ista herdade». Disu *dun* Pol: «¿*Que* ueruu?»; disu P. Feroso: «*Que* auian a uender e arendar e supinorar a nós». Disu u iudex a parte de *dun* Pol: «¿*Que* dices *contra* aquilu, si á *suoscu* aquele ueruu oc se non?»; e *dun* Pol: «*Dicimus* *qua* non». Disu iudex *contra* parte P. Feroso: «¿*Qui* podedes i facer ca u(u)s dicen daquesta parte ca non?»; P. Feroso disu ca *queria inde* prouar u *que* podese, «e *dade* nus dia».

O rexistro desta vista, en estilo directo, iníciase co adverbio anafórico latino *vnde*. A estrutura dialóxica organízase coa introdución dun enunciado presentativo: ‘P3 romance do vb. *dizer* + substantivo *parte* + sintagma preposicional (núcleo: antropónimo)’. Tras a última pregunta do xuíz a parte demandada roga a proba testemuñal, feito que se relata en estilo indirecto, e, a continuación, pide o prazo correspondente; esta última petición recóllese en estilo

directo. Ademais das formas comúns *herdade*, *ueruu/uerbo*; *uender*, *arendar*, *supinorar*, etc., o amanuense emprega a forma latina *iudex* (pertencente ao vocabulario xurídico habitual) e ofrece dúas formas romances interesantes: o pr. tónico *uoscu* e a forma verbal *inxiquades* ‘facer contenda, preito; loitar, britar’, procedente do substantivo de orixe árabe *enxeco/eixeco* (< ár. AS-SIQQ), presente xa na nosa produción literaria²⁴ medieval dos sécs. XIII e XIV (*Cantigas de Santa María*, *Crónica Xeral*, *Crónica Troiana*).

No doc. 4 (ls. 13-14) atopamos, de novo, unha declaración en estilo directo proveniente do maxistrado, na que se instiga ás partes litigantes ao cumprimento da sentenza ditada (un deslinde). Na dita declaración insírese a forma verbal romance *iurade*:

Et de uenerunt ante sagionem Ramiro Toeriquiz, et derunt inter se fiadores, et de uenerunt ad iudicium ante Sandino Sagadiz, et iudicou de istos de Uigo que de sursum resonant qui ipsa hereditate que clamam que ponam suos pedes per ipsa hereditate et stremem illa de Canadelo de ipsa, «et per <ubi> posuerint uestros pedes iurade [...] et annuntient illos».

No doc. 9 do apéndice (pesquisa probatoria), rexístrase tamén un contexto dialóxico salientable. Nas ls. 91-92, dáse noticia en estilo directo dunha circunstancia que afecta persoalmente ao declarante; talvez por esta razón o amanuense decidiu transcribir literalmente o contido da resposta. Con todo, véxase como o clítico CDir do primeiro verbo (*laurey*) presupón unha necesaria adaptación ao rexistro escrito e á *scripta* de tradición latino-notarial (é o único caso en toda a pesquisa de emprego da forma tónica latina para o artigo ou pronome átono romance):

Isprigontado si a uiu laurar a Pidru Fernandit, dici qui «eu, Johan Pirit, laurey **illa** pur Pidru Fernandit e deyli inde a renda».

5. CABO

Ao longo destas epígrafes illustrei a pertinencia lingüística da documentación non dispositiva, nomeadamente as declaracións testemuñais inseridas nunha pesquisa probatoria (de interese público ou privado) ou nun relato procesual dun litixio. A procura de pautas de introdución destes trazos innovadores levouse a cabo tanto na documentación híbrida como na redactada integramente en romance. Neste segundo caso, á súa vez, foi posible ilustrar tales parámetros tanto nas partes ‘libres’ ou dispositivas do documento, como nas zonas formulares propias dunha pesquisa. A variación e innovación escripto-lingüística atopa nesta tipoloxía un discurso excepcional debido á súa autarquía diplomática canto á formulística xurídico-literaria notarial e ao seu achegamento e estreita vinculación ao ámbito da actuación

24 Na prosa notarial só se tiña constancia da forma *enxeque* nun doc. dos inicios do séc. XV (*Colección Diplomática de Galicia Histórica*, 614.1).

(*actio*). O Título XVIII do código afonsino das Partidas condensa, ao meu xuízo, de maneira axeitada esta circunstancia²⁵:

Onde poy *que* eno *Titulo* ante deste falamos das Enquiriçõs *que* he hũa maneira de *proua que sse faz uyua*, queremos aqui dizer de totalas *scrituras*, de *qual natura quer que seiam*, de *que poderya naçer proua* ou auerigamento *em juizo*, *que outra maneira de proua a que chamam uoz morta*.

6. APÉNDICE DOCUMENTAL

6.1. Criterios editoriais

A edición interpretativa²⁶ destes documentos pretende conservar ao máximo posible as características do texto orixinal, sempre que foi posible atribuírlles algún tipo de pertinencia lingüística. Ao mesmo tempo, co fin de facer máis accesible a lectura dos textos, levei a cabo algunhas intervencións regularizadoras, centradas na modernización –segundo a norma actual– do uso das maiúsculas e minúsculas, dos signos de puntuación e da unión e separación de palabras. Deseguido exporei algunhas puntualizacións ao respecto.

1. En canto a este último punto, a regularización efectuouse só nas formas (des)ligadas por razóns fónicas ou gráficas sen ningún tipo de relevancia lingüística (“asous tiidures”: ‘a sous’). Conservouse, por contra, a situación orixinal do texto en casos coma os pronomes enclíticos ou os encontros da preposición co determinante (“*per*los”, “sobrelo”, “eno”, “desta”); os casos de elisión vocálica non contemplados na actualidade como contraccións márcanse con apóstrofo (“d’Orzellom”, “herdade d’auoos”). Indico coa barra vertical en sub índice (‘₁’) a separación orixinal dos elementos constitutivos de certas palabras²⁷ (“*de*mays”, “*at*roys”). Do mesmo xeito, fago constar co guión baixo (‘_’) a separación de formas ligadas no orixinal por razóns de índole fónica ou gráfica e que poden ser lingüisticamente relevantes (“sobr’ esto ouuo a_uijr sou sogro”).

2. Canto á acentuación, coa finalidade de contribuír a unha lectura non ambigua do texto, estimei oportuno o emprego do acento diacrítico en certas formas homógrafas (“*dixit que á ben XX anos*”, “*et per esse marchu que sé ena enesta de contra a ygregia*”). Por outra banda, polo seu valor fonético, considero pertinente deixar constancia do emprego das plicas

25 Floyd Caskey 1979: vol. IV, 1419-20.

26 Tomei como referencia os traballos de C. de Azevedo Maia (1986: 19-33), R. Lorenzo (1988: 10-17 e 2004: 449-58), A. M. Martins (2001: 42-52) e J. A. Souto Cabo (2008).

27 Os topónimos compostos por dous elementos desligados no orixinal foron tratados deste xeito sempre que houbera constancia da súa xunción na forma actual estandarizada (“Uilaçhaa”, “Uilaçnoua”, “Vilaçmayor”).

que aparecen no orixinal, reservadas, cando menos, á indicación de hiato vocálico²⁸. Velaí os casos presentes nos textos aquí editados²⁹:

áá (3.29), *alij/alíi* (1.29, 6.42, 7.6), *auír* (8.9), *bóó/s* (3.35, 8.4, 8, 13, 14, 17, 18, 19), *camíno* (3.26), *Cresconij* (6.15), *Entíjs* (3.7, 16, 39), *februaríj* (3.15), *filíjs* (7.2), *frílgisia* (9.2), *fugíjt* (1.15), *heremitagíj* (3.5), *h/oméés/homíjs* (3.15, 35, 7.16, 24; 9.104), *irmáó(s)/yrmáós* (9.4, 10, 16), *januaríj* (3.44), *julíj* (9.1), *Lílgundi* (5. 6, 31), *Migéél* (7.18, 22), *monasteríj* (7.5), *Móógu/Móógo* (3.16, 7.13, 14, 15 [2], 17, 18, 19 [2], 20), *móór* (2.13), *Pááy* (3.21), *Pááyze* (3.22 [2]), *Pelagíi* (6.15), *Sancíj* (1.9, 3.1), *séér* (6.32, 35, 39; 8.18), *Seguín* (2. 4), *Surdíjs* (6.11), *téér/tíir/tíjr* (7.8; 9.26, 45, 53, 66, 73, 82), *tíidures* (9.46, 54), *tíina(n)* (9.6, 16, 27, 75-6, 77), *uéér* (8.17), *Uééru* (3.21), *úún* (3.36), *Uincenjí* (6.29), *Uilacháá* (2.4).

3. Para evitar recargar o texto de elementos numéricos alleos, fóra das indicacións de liña, todas as precisións editoriais foron sinaladas por medio dunha marca en super índice (‘^s’) colocada ao inicio da forma correspondente (‘^smiadades’), que remite ás notas incluídas inmediatamente despois da transcripción de cada documento. Ditas notas agrúpanse por orde de aparición nas liñas do documento e sepáranse coa barra vertical (‘|’).

4. Convencións gráficas xerais.

- ‘\ /’: palabras ou letras escritos no interliñado (non hai ningún caso de engadidos nas marxes laterais, mais si na inferior).
- ‘()’: caracteres engadidos por esixencias do sentido debido ao esquecemento evidente do amanuense.
- ‘[]’: reconstrución segura dun determinado treito no que o soporte está deteriorado ou desaparecido. Esta intervención foi realizada tendo en conta, en primeiro lugar, a *scripta* do notario.
- ‘[...]’: o soporte está deteriorado e a lectura non é posible.
- ‘[---]’: o soporte está desaparecido.
- ‘< >’: lecturas problemáticas ou dubidasas.
- ‘{ }’: desenvolvementos abreviativos especiais (vid. infra 5.e).

5. Abreviaturas. Á obrigada competencia lingüística do editor correspóndolle igualmente por parte do lector interesado un mínimo coñecemento dos sistemas abreviativos vixentes no medievo, en gran medida subsidiarios ao sistema braquigráfico latino, así como a aceptación do limitado valor lingüístico das formas abreviadas en relación ás plenas. Con-

28 Noutras ocasións a súa presenza obedece a razóns de índole puramente gráfica; por exemplo, para evitar confusións entre certos caracteres contiguos (ex. “líures”, “escríuir”, “termío”).

29 O primeiro numeral fai referencia ao documento, o segundo o número de liña; as cifras entre corchetes indican o número de ocorrencias en cada liña.

sidero aconsellable deixar constancia (en cursiva) de todos os desenvolvementos, malia existiren certas secuencias cuxa expansión resulta, en principio, inequívoca³⁰.

a) Signo xeral de abreviación con valor nasal. Conservo o trazo cando marca nasalidade vocálica, na vogal inmediatamente anterior á consoante nasal etimolóxica (“mãu”). Con valor de consoante implosiva, desenvolvo a opción maioritaria nos textos (<n> ou <m>), se ben nalgúns deles a alternancia é moi equilibrada (tanto en posición final, como medial ante consoante bilabial).

b) Ao tratarse de textos xuridicamente incompletos e, polo tanto, carentes en xeral (cfr. doc. 7) de subscripción notarial, non é posible acudir ao contexto máis próximo do documento (isto é, a produción do mesmo amanuense) para resolver certas abreviaturas das que non consta a correspondente forma plena ou non é sistemática. Nestes casos acudo á información da colección documental no que se integra ou ao acervo textual do período (e/ou situación xeográfica) que nos ofrece o TMILG e o CODOLGA (en certos espazos formulísticos), e inclúoa nos aparatos críticos (exs.: “moler”, “Martiz”, “Pelaez”, “teega”).

c) En ocasións, a existencia do trazo abreviativo xeral en determinadas formas inseridas en textos romances non implica realmente abreviación senón que reflicte a subsistencia da tradición gráfica latina (ex. “dõna” < *dom(i)na*, “ãno” < *annu*, “õme” < *homine*). Por tratarse dun grupo pechado de formas, indícoas aquí en nota³¹ sen deixar constancia no texto.

d) Tal e como se comenta no seguinte punto, os treitos formulísticos presentes nestes textos posúen un notable grao de hibridismo latino-romance (especialmente os docs. 4 e 7). Paréceme oportuno respectar esta circunstancia, xa que resulta útil para o estudo da permanencia ritualizante de certas secuencias latinas así como da constatación da progresiva autarquía do romance respecto dos moldes clásicos, visible tamén nos espazos máis protocolarios. Por esta razón, desenvolvo formas do tipo “ẽ”, “j. d.”, “int.” (con trazo) segundo a norma latina (“*est*”, “*juratus dixit*”, “*interrogatus*”), mais unicamente nos casos de evidente hibridismo ou nos que existe referencia dunha variante plena no propio texto (cfr. doc. 7 “juro e dixo”, doc. 4 “*juratos dixi*” [P3]).

30 Nos docs. 5 ou 9 a indicación do desenvolvemento, en principio transparente, de formas como “de”, “por” ou “que”, é imprescindible debido á alternancia dos sistemas abreviativos empregados no mesmo texto ou á existencia de formas plenas que difiren do valor abreviativo tradicionalmente asignado. Nestes textos a forma acurtada da preposición convive coa plena “di” e “de”; poderíamos interpretar “de” ou talvez “di”, a variante plena maioritaria. A preposición *por* escríbese de catro maneiras distintas: unha plena (“pur”) e tres abreviadas (cun trazo cruzando o hastil: ‘*per*’; cun trazo curvo á dereita do hastil: ‘*pro*’ / ‘*por*’; e cun trazo curvo en super índice, ‘*p*’: ‘*por*’); considero acertado desenvolver os dous últimos casos tendo en conta a forma plena. Por último, o nexos subordinante aparece como “q” con trazo ou “q”, independentemente do seu significado orixinal, e quizais, tendo en conta as solucións grafo-fonémicas dos amanuenses destes textos, non sería inadecuado o seu desenvolvemento a partir do segundo dos símbolos (“*qui*”). En todos os casos nos que a miña interpretación non responde ao valor “recto”, herdado do sistema clásico, indiquei tal circunstancia no aparato de notas.

31 Formas presentes nos textos: *anos* (2.11, 5.33, 8.1), *dona* (2.15), *Johan/Joham* (3.17, 21, 40, 46, 47, 48), *ome* (8.18, 19), *omees* (3.35), *Miguel* (3.50).

e) A expansión dalgunhas formas abreviadas resulta especialmente problemática cando existe un desfase ou desaxuste entre o símbolo gráfico da abreviatura (de carácter latinizante/etimoloxizante, herdado do sistema braquigráfico latino) e a grafía da forma plena (romance). Debido ao carácter anfibolóxico deste tipo de abreviaturas (“dcto”, “Iohns”, “md” “mon”, “plz”, “tla”, etc.) presentes nunha *scripta* innovadora aínda temperá e cun importante grao de hibridismo latino-romance (maioritariamente en espazos formularios), considero pertinente conservar o símbolo gráfico orixinal e expandir os caracteres abreviados segundo o modelo conservador (“dicto” vs. ‘dito’, “Iohannis” vs. ‘Eanes’; “medium / medio” vs. ‘meo’; “moneta” vs. ‘moeda’; “pelaez / pelaiz” vs. ‘paez’, etc.). Con todo, deixo constancia desta circunstancia incluíndo as chaves “{ }” nas formas do texto.

6.2. Transcripción dos documentos

6.2.1. Interese particular

1

s.d. (2º terzo do séc. XIII³²).

ACOu, Pergameos, Mosteiro de Montederramo, nº 6147.

Pesquisa sobre as propiedades reguengas do mosteiro de S. Salvador de Sobrado de Trives na terra de Laioso.

Hec est inquisitio uerissima quam exquisierunt domnus Rodericus Fernandi et domnus Sancius Pelaiz et Velascus Iohannis et Johannes Pelaiz ² super regalengo que est in terra de Laioso.

Petrus Erez iuratus dixit: jn illo tempore de Soutelo et de Sancto Iohanne et don Fernan ³ Sanchez oueron a fazer senaras in monte regalengo cum boues de suas casas. Alio monte que dicitur Sorueira ⁴ est regalengo. Jn Mazaneda hereditate que fuit de los Capezudos tota est regalenga. Hereditate que fuit de dona Christina ⁵ est regalenga. Melendus Herez ⁸ comparauit una leira de homines mandados et tenet eam. Jn Sancto Iohanne o souto de Porta, quomodo ⁶ uadit per uia et inde a Uerruguela, fuit de homines mandados. Jn porto de Langulo habet regalengo. Jn Sancto Iohanne habet uno so⁷lare et Iº linar et Iº orto et est regalengo. Jn Trauessas enquerirona homines bonos et dederunt eam don Matia. Vinea de Uarzena ⁸ audiuit semper dicere quod esset regalenga et numquam ea uidit raciongar.

Garsia Diez iuratus dixit: jn Candanedo habet una terra regalenga. ⁹ Jn Langulo super casale de Rodericus Sancij habet una terra regalenga. Jn Castro Mesado como uadit per Lonbo et inde ad rio et co¹⁰mo parti cum Sancto Pelagio est regalengo. Jn Raigada duos casales que sunt in Cima de Uilla fuerunt de homines mandados et don Pelagio ¹¹ leuolos

32 Data proposta por Lorenzo / Pérez ([no prelo]) na súa edición inédita de Montederramo, tendo en conta a letra e os actuautes. Duro Peña (1967: 58-9, nº 2) datárao nos últimos tempos do rei Afonso IX (1188-1230), isto é, ca. 1225-1230. Souto Cabo (2008) afina a datación en ca. 1230.

ante rege *et benefectauit eos et dederunt ei medietatem ipsius hereditate et alia medietate uendiderunt ei.*

Ordonius¹² *Iohannis iuratus dixit: uno mato que est sub casa de Rodericus Abela comparauit eum don §Fernan Sanchez de homines mandados et benefectauit ei illum dominus*¹³ *rex et dederunt illo mato Rodericus Abela. Sub Mendonia habet una terra et est regalenga. Tota Mazaneda, fores inde hereditate que*¹⁴ *fuit de §Adrian Conlumpne, tota alia est regalenga. Jn Langulo Diegalo prendidit illum Gonsaluus Roderici porque era hominem*¹⁵ *mandado et pectauit pro se et fugijt et relinquit hereditate. Jterum tota Mazaneda est regalenga, extra III^{or} casales de Cima de*¹⁶ *Uilla et alio casale de Sancio Nunez et alio de don Roderico. Casar de uela est benfeitado in uilla et non in monte. Jn Sancto*¹⁷ *Iohanne como incipit in Eira Uela et per Castanera da Uite et per Castaneira Temperana, deinde a Pelago de Malo, toto est regalengo.*¹⁸

Monio Petri *iuratus dixit que delas Trauessas et delas Bouzas et dela terra del Souto et quanta herdade est des porto de Langulo,*¹⁹ *como uadit per aqua de Uerruguela usque ad Carriles, erat ipse maiordomo et raciongauit per V annos. De terra de*²⁰ *Candanedo et de alia de Langulo dixit idem quod Garsia Diez. Jn Uerruga §un\o/ casale que tenet don Lope est regalengo. Jn Pior*²¹ *nedo habet una terra regalenga. De Souto de Porta dixit idem quod Petrus Erez. Jn fundo de Rio Malo habet una terra regalenga.*

Lope Ordo²²niz *iuratus dixit: una uinea de Uarzena tomoula don Pelagio por regalenga et quitoula. De casale de Uerruga dixit idem quod Monio Petri.*²³ *De los casales de Raigada dixit idem quod Garsia Diez.*

Pelai Petri *iuratus dixit: in Coua habet una terra regalenga et de Mazaneda dixit*²⁴ *idem quod Ordonius Iohannis.*

Saluator Petri *iuratus dixit de tota Ma\za/neda idem quod Ordonius Iohannis et addidit como comeza in molino*²⁵ *et inde per rio et inde al marco do Lameiro, toto est regalengo. Jn cortina de don Beneito habet una terra regalenga. Jn fundo*²⁶ *de la terra de Sancio Nunez habet una terra regalenga. Jn Requeixo habet uno casal regalengo. De Barrio §dixit quod est toto regalengo.*²⁷ *Oseiros fuit de homines mandados et tomoles don Pelagio ela herdade pro una §[...] que le non deron. Jn Langulo, fores I^o casa*²⁸ *le de dona Eluira et alio §de Roderico Sanchez et alio de episcopo, tota alia §est de homines mandados.*

Sancio²⁹ Ramirez *iuratus dixit otorga idem quod alij: de Raigada et de Rio Malo quod §est medietate regalenga et canpo de Me*³⁰ *lendo Moniz est toto regalengo.*

Notas. 1. 5 *comparauit*] O hastil do <p> está cruzado por un trazo abreviativo redundante | 1. 12 *Fernan*] Desenvolvemento a partir da ocorrencia da l. 2 | 1. 14 *Adrian*] O <d> é corrección doutra letra errada por parte do mesmo amanuense | 1. 20 *un\o/*] O <o> é corrección dun <a> | 1. 26 *dixit*] A continuación aparece riscado “idem” | 1. 27 [...] O amanuense escribiu “tita” (ou “tcta”) cun símbolo abreviativo similar ao equivalente a ‘ur’. Non teño claro se o desenvolvemento correcto é “tributa” ou “troita/tructa” | 1. 28 *de*] A continuación aparece riscado “go” | 1. 28 *est*] A continuación aparece riscado “regalenga” | 1. 29 *est*] A continuación aparece riscado “toto regalengo”.

2

1268, Marzo, 11.

AHN, Clero, Lugo, Catedral, carp. 1330/F, nº 12.

*Sancha López e Diego García ordenan pesquisar as rendas da igrexa de Santo André de Seguí (conc. Pantón)*³³.

Era M^a CCC^a VJ^a, XJ dias andados de março. Conozuda cossa seya a quantos esta carta uiren |² como eu, Garçia Perez, prelado de Sam Martño de Sioes, por parte de Sancha Lopez, e eu, Diago Perez, {clerico} |³ de Deade, por parte de Diago Garçia, metemos enqueredores sobrela renda da {ecclesia} de Sant' Andre de |⁴ Seguin, conuen a saber quaes: Goncaluo Goncaluez, prelado de Samamede de Uilaçhaa de Salvador, e Ffernando Perez, prelado |⁵ de Santiago de Castilom; que soubessem perlos Sanctos Auangelos quamano quinon leuaua Sancha Lopez da renda |⁶ de aquella sobredita {ecclesia}, ou quamano quinon leuaua Toda Martiz, ou quamano leuaua Maria Martiz. E estes enqueredores |⁷ sobreditos tiraron a enquiessa, primeyramente:

Johan caualeyro juro e dixo que a {ecclesia} ia dita de Sant' Andre |⁸ de Seguin dauan dela X soldos de renda, e destes X soldos leuaua end' el XX ^sdineyros de por parte de sa ^smoler Maria |⁹ Martiz.

Pedro de ^sChao juro e dixo que non sabia quis quamano quinon leuaua, mays que jaçendo doente dixo por |¹⁰ Pedro Perez prelado de Sant' Andre que chegou y Pedro Amigo de Pantom e dixole quantos dineyros deuia a Sancha Lopez |¹¹ de renda desta {ecclesia} sobredita, e dixo que le diuia V soldos; mays non sabia Pedro de Chao de quantos \anos/.

Pedro Uiuian |¹² juro e dixo que comprara o quinon de Martin Diaz, e preguntoo quanto le rendia o seu quinon daquela renda e dixo que le rendia XX |¹³ dineyros, e dissi comproo Sancha Lopez que auia y moor dereyto e leuoo dele.

Martin Diaz juro e dixo que leuaua en s<i> |¹⁴ dona Toda Martiz XX dineyros, e demandaua ela XXIJ mas non dauan ende mays de XX dineyros.

Lourenço Perez |¹⁵ juro e dixo que desta {ecclesia} sobredita leuaua dona Toda a IIIJ^a e Marina Suarez as IIJ^{es} quartas, mays |¹⁶ da renda non sabia parte.

Areas Martiz juro e dixo que desta {ecclesia} ia dita dauan X soldos de renda, e |¹⁷ leuaua dona Toda II soldos e {medio} por quarta e Marina Suarez VII soldos e {medio} porlas IIJ^{es} quartas. |¹⁸

E as partes sobreditas posseron desta ^senquiessa o que deuesse ualer que ualuesse.

33 Ao documento vai cosido un papel no que se anotou o seguinte rexesto: "Era de 1306, a 11 andados de Marzo. Garcia Perez, prelado de San Martiño de Sios, por parte de Sancha Lopez, y Diego Perez, clerigo de Deade, por parte de Diego Garzia, se metieron interedores (sic) sobre la renta de la yglesia de San Andres de Seguin, y determinaron que Garzia Gonzalez, prelado de San Mamed de Vilaçha de Salvadura (sic), y Fernan Perez de la (yglesia de) Santiago de Castillon, supiesen por los Santos Euangelios que no lleuaua Sancha Lopez de la renta de la sobredicha iglesia de Seguin".

Notas. l. 8 *moler*] É a forma amplamente maioritaria durante todo o medievo; no séc. XIII o TMILG rexistra 1116 ocorrencias de *moler/es* ~ *moller/es* fronte a 368 de *muler/es* ~ *muller/es* | l. 8 *dineyros*] Entre esta forma e o numeral que a precede hai un <d> riscado e un espazo punteado | l. 9 *Chao*] Ao lado desta forma hai un <j> riscado | l. 18 *enquissa*] A forma leva un <i> voado superfluo; enriba do <u> hai un punto.

3

1277, Xaneiro, 8 / Febreiro, 13.

AHN, Códices, Toxos Outos, 1002, fols. 39v-40r.

*Don Miguel Sánchez, arcediogo de Trastámara, manda pesquisar o deslinde das herdades da ermida de S. Martiño de Rates, pertencente ao couto do mosteiro de Toxos Outos*³⁴.

Nouerint uniuersi quod ego, Michael Sancij, archidiaconus de Transtamar |² feci inquiri, ad eternam rei memoriam, terminos et diuisiones antiquas |³ quibus cautum de Rates et hereditates ad ipsum cautum pertinentes, quod cau|⁴tum et hereditates ad monasterium Sancti Iusti dignoscuntur pertinere diuidun|⁵tur ab hereditatibus heremitagij seu ecclesia Sancti Martini de Rates, quod heremi|⁶tagium seu ecclesiam dictum monasterium per se tenet diu est per Martinum de Cas|⁷tro archipresbiterum de Entijs et per Fernandum Moogum d' Outes et per Martinum |⁸ Iohannis, dictum Leue, et per Johannem Petri, notarium de Noya. Qui predictam fideliter |⁹ inquirentes et sub dato prestiti iuramento eandem inquisiam mihi in presencia |¹⁰ abbatis Sancti Iusti presentarunt, et abbas nomine suo et conuentus de quorum con|¹¹sensu predicta inquisicio facta extitit eandem acceptauit. Et ego, predictus |¹² archidiaconus, presente sepe dicto abbate, pred(i)c(t)am inquisiam ut robur firmita|¹³tis semper ualeat obtinere per notarium infrascriptum in publicam formam redi|¹⁴gi feci, cuius inquisitionis tenor talis est:

Era M^a CCC^a XV^a et quotum idus |¹⁵ februarij. Esta est enquisa que enquereron homees boos, conuen a saber: Martin |¹⁶ de Castro, arciprestes de Entijs, et Ffernan Moogu d' Outes et Martin Anes, |¹⁷ dicto Leue, per mandado do arcidiago don Migeel Sanchez e per min, Johan |¹⁸ Perez, notario de Noya, sobrelo departamento da herdade da hermiida de San |¹⁹ Martino de Rates, per hu est departida da herdade regaenga da villa |²⁰ de Rates.

Domingo Eanes, caualeiro, e Domingo Paayze de Comparede e |²¹ Paay Perez de Ueeru e Martin Lantano e esse Martin Leue e Joham |²² Paayze da Chanca e Pedro Martiz, confesso, e Joham Paayze de Vara e |²³ Ffernan Domingez de Ceruia e Lourenzo Paayze de Vara; todos estes |²⁴ disserun que a herdade dessa ermida de San Martino de Rates que era de|²⁵partida da outra herdade regaenga pela cerdeyra do outeyro que es|²⁶ta cabo do camino, e dess_i como uay

34 O diploma vai precedido deste rexesto: “Carta das diuisoes de cauto de Rates et de heremitagium seu ecclesia eiusdem”. Na marxe esquerda engádese esta outra anotación en romance, mutilada en parte pola encadernación do tomo: “[---] diuisoes do couto [de Ra]tes e da ermida [---]ones de Rrates”.

e enfia ao toro do castineiro de ^{|27} cyma *que* chaman da Senrra do Regaengo, e des y como uay ferir e enfi^{|28}ar ao canto d' ariba *que* chaman de Sobrellos Castineyros do Agro do Pereyro, ^{|29} e dess_i como uay ferir e enfiar a dereyto aa ameyxeyra *que* esta sobre ^{|30} la pereyra alua *que* esta cabo do kamiño que uay da uilla para Lanqua<ui>o e ^{|31} des ende como uay ferir e enfiar per Lum[.]ro a dereyto ao kanto de ^{|32} fôra da quozina *contra* a carreyra, e des i como uay desse kanto dessa quoz^{|33}i na a dereyto enfiar aa pedra do muro uedro, e des ende como uay ^{|34} ferir pelo muro uedro a dereyto aa cerdeyra uedra do outro en que ^{|35} ante comezarun.

E esta uerdade desta enquisa disseron estes omees boos to^{|36}dos cada uun en sua parte per iuramento dos Santos Auangeos en *que* foron ^{|37} todos aiuramentados, *que* toda esta herdade assi come estaua *conchousa* per ^{|38} estes terminos *coma* hermidia ia dicta e *connas* aruores *que* era(n) dessa her^{|39}mida e non mays. E Martin Perez, dicto de Castro, arciprestes d' Entijs, per man^{|40}dado de don Migeel Sanchez, arcidiago de susodito, en presenza de Johan ^{|41} Perez, notario de Noya, por renembranza para ya mays meteo y pedras enos loga^{|42}res ia {dictos} per *que* se departe ha herdade da hermidia de susodita do regaengo ^{|43} de Rates.

Ffeyto este escrito e confirmado per lo ia {dicto} arcidiago e pelo ia {dicto} ^{|44} abbade, VIº idus januarij in Era M. CCC. XV. Estes foron presentes ^{|45} no coro da ygreya de Santiago quando este escrito fuy confirmado: don Fern^{|46}ando Affonso e don Joham Martiz, juyzes de Santhyago; don Ffernan Froy^{|47}tos, coygo de Santiago; Joham Domingez e Ffernan Fernandez, clerigos do coro; ^{|48} Joham Lourenzo da Rua do Ciquelo, morador; Salvador Martiz, monges de ^{|49} San Iusto.

Eu Joham Perez, notario do concello de Noya, jurado, *que* fuy presente en ^{|50} todas estas cousas de susoditas e de mandado do ja {dicto} don Migel ^{|51} Sanchez, arcidiago de Trastamar, este escrito escriui e meu sinal en este ^{|52} escrito puge, *que* este atal (*signo*: Johan Perez, notario de Noya).

6.2.2. Interese procesual

4

1097, Agosto, 5³⁵.

AHN, Clero, Ourense, Mosteiro de Sta. María de Melón, carp. 1437, nº 3.

Sentenza do litixio patrimonial sobre o deslinde dunha herdade entre os habitantes de Vigo e Canadelo.

Era M^a C^a XXX^a U^a et quodum quod erit nonas ^{|2} augusti. Ecce agnitio presentis futuri iudices seculi ^{|3} ut qui sunt firmiter et hunc qui nasci ueraciter credant. ^{|4}

35 Pola letra e tendo en conta as solucións grafo-fonémicas presentes no texto (ls. 9 a 23, particularmente no plano verbal) este diploma é susceptible de ser considerado unha copia posterior (talvez da segunda metade do séc. XII).

Horta fuit intemptio inter homines de Uigo *et* de ⁵ Canedelo *super hereditate calumpniante de uocem de* ⁶ Uigo Afonso Uigoiz *et* Ramiro Oduariz *et* Cencoy, ⁷ *et* respondente de Canedelo Enego *et* Petro Uermu⁸iz *et* Ramiro Petriz. *Et de* uenerunt ante sagionem ⁹ Ramiro Toeriquiz, *et* derunt inter se fiadores, *et* de ueneru¹⁰nt ad iudicium ante Sandino Sagadiz, *et* iudicou de ¹¹ istos de Uigo que de sursum resonant qui ipsa here¹²ditate que clamam que ponam suos pedes per ipsa ¹³ hereditate *et* stremem illa de Canedelo de ipsa, «*et per* <ubi> ¹⁴ posuerintis uestros pedes iurade [...] *et* annun¹⁵tient illos». *Et* sunt ipsos iuradores *prenominatos*: ¹⁶ ipso Afonso Uigoiz *et* Ramiro Oduariz *et* Cencoy *et* Pe¹⁷tro Nebula, Petro Toeriquiz, Oseuo Golestez, Ordoniu ¹⁸ Aduafiz, Menindo Petriz, Gontado Petriz, Sando Cifiz, ¹⁹ Teofreo, Oseuo Petriz. *Et* poserum suos pedes per terminum ²⁰ de ipsa cumbrada da Uessada, *et* uai ad illo carbalio ²¹ *et* uai ad illa mammona qui extrema diuidixi *et* uai ²² per illo cerro *et* inde a Poco ²³ Nigro *et* uai ad illos fenale[s] ²³ *et* inde per ipso arrugio *et* inde a mare. *Et* iurarum qui era per ip²⁴sos strema de Uigo. *Et* annuntiarunt ipsa hereditate ipsos homine[s] ²⁵ de Canedelo qui numquam ad illa nullam calumpniam mitant; ²⁶ si inde aliter fecerint *et* ista agnitio exierint que pariant ²⁷ CC solidos.

Et erant ipsos in diebus rex Adefonsus *et* erat Rai²⁸mondus comite in Thoronio *et* uigario Iohanne Ramiriz *et* ²⁹ episcopus sedis Thuensis Adefonsus. Nos, nominatos homines ³⁰ de Canedelo *et* uox nostra, a ditos homines de Uigo *et* uox uestra, ³¹ in hanc agnitio manus nostras roborabimus.

Qui uiderunt ³² *et* audierunt hi sunt: (1^a columna) Pelagio, testis; Nunus, testis; Mit[...], testis; abade Monio, *confirmat*; abade Nigro, *confirmat*; Sandino Moniz, *confirmat*; Oseuo Petriz, *confirmat*; (2^a columna) Monio E[.]<diz>, *confirmat*; Menindo Monaco, *confirmat*; Mitus Oduariz, *confirmat*; Petrus Saninz, *confirmat*; Monio Midiz, *confirmat*. Et ego Iohannes qui notuj *et* *confirmat* (signo).

Notas. l. 22 Nigro] O <o> parece corrixido.

5

s.d. (1^o terzo do séc. XIII³⁶).

36 Souto Cabo (2006: 38) aproxima a data a 1243, en base á localización do xuíz Rodrigo Rodríguez en dous diplomas de 1243 e 1244 relacionados co priorado de Vilar de Donas, e ao marcado arcaísmo escrito-lingüístico do documento. Con todo, tal e como recoñece o devandito autor (2008), un dos intervinientes no litixio (don Pol, representante de dona Orraca Domínguez) podería ser identificado cun personaxe homónimo, de procedencia berciana, presente no Tombo de Sobrado (Loscertales 1976) entre os últimos anos do séc. XII e a 2^a década do XIII: docs. n^o 307 (a. 1193), 311 (a. 1198), 309 (a. 1200), 310 (a. 1200), 333 (a. 1212), 194 (a. 1220), 205 (a. 1220), 201 (s.d. [séc. XIII]). Debo agradecerlle a Xavier Varela as indicacións dadas ao respecto. Por outra parte, se ben aínda non se completou a pesquisa de todas as personaxes (non só no tomo, senón tamén na documentación orixinal), no mesmo castorio atopamos múltiples referencias a un “frater Iohannes magister”, presente nun eixo cronolóxico moi similar ao de d. Pol (aa. 1201-1225), e que podería ser

